



Asembleas á carta

O mércores houbo unha asemblea pola Retribución Variable por Obxectivos, o complemento salarial variable dos GP1 e GP2. Da RVPO falamos noutro sitio. Aquí imos falar doutra cousa de

moita relevancia para todo o mundo.

O comité convocou a asemblea como "informativa". Pero alí plantexou votar a aceptación dun preacordo coa empresa. Algún asistente expresou desconfianza. Desoíndo as queixas, o presidente do comité argumentou que era importante aprobalo porque "a ver se o novo presidente se bota atrás". Pero ó final non o puxo a votación, senón que proclamou que "se entendía" que estaban de acordo con el". Alucinante.

Unha asemblea sempre foi unha asemblea, polo menos nesta factoría: **soberana** e na que os traballador@s **votan** se hai diferentes propostas. Pero como nos últimos anos a maioría sindical empezou a sufrir derrotas (a máis estrepitosa, a do IV Convenio), comezou unha deriva antidemocrática para evitalas. O anterior presidente do comité negouse en varias ocasións a poñer a votación propostas da **CGT** e foise da asemblea levándose o micrófono! O argumento foi que as nosas propostas non se poñían a votación porque non estábamos no comité.

Pero como a **CGT** agora está no comité, se inventaron unha nova argucia: diferenciar entre asembleas *informativas* (non se vota) e asembleas *decisorias* (si se vota). Quen decide isto? A maioría sindical, por suposto. O secretario xeral de CCOO foi incluso máis aló e opinou que só se deberían someter a votación as propostas maioritarias do comité.

E por culpa destas manobras, acabaron enguedellándose e convocaron unha asemblea *informativa* cando a querían *decisoria*. Pero como neste caso lles interesaba, non houbo problema: reconvertérona sobre a marcha en decisoria... pero sen votación! Esperpéntico.

O tema é moi serio. Queren acabar coa soberanía da asemblea, queren acabar coa **democracia assemblearia** para evitar que os traballador@s abortemos os seus trapicheos coa empresa, como lles pasou no IV Convenio.

Isto non vai do dereito da **CGT** a que se voten as nosas propostas. **Vai do dereito do conxunto dos traballador@s a ser os que realmente tomemos as decisións. De todos e todas depende.**



Convenio e novos ingresos

O mes pasado entraron os **operarios-emplegados júnior**. A empresa entregoulles un exemplar do libro de convenio, no que aparecen as táboas salariais de 2018. Para o nivel de entrada, a suma de soldo base e incentivo son **1.418,59 €**. (1.117,79 + 300,80).

Tamén o mes pasado, o comité distribuíu por correo as táboas de 2020. Para o nivel de entrada inferior (E10), esa mesma suma totaliza **1.222,16 €**, case 200 euros menos.

Algúns se dirixiron á **CGT** pensando que había un erro. Lamentablemente, non o hai. O que hai é un **atracó** perpetrado pola **empresa** e os **sindicatos colaboracionistas**.

Pero o recorte é incluso **maior** porque a comparación hai que facela entre os valores de 2018 e os valores actualizados co incremento salarial acumulado entre 2019 e 2020. Os datos son estes:

Soldo base + incentivo mensual do nivel de entrada (valores brutos)			
2018	Teórico 2020 (con incrementos salariais)	Real 2020	Diferenza
1.418,59	1.494,05	1.222,16	-271,89

É dicir, os operarios e empregados júnior van cobrar **cada mes 271,89 € menos** que se chegan a entrar **antes** da sinatura deste convenio. E a isto hai que sumarlle outro recorte de **máis de 300 €** entre as dúas **pagas extras**. E que **non** lles van pagar o **plus de distancia** a pesar de estar recollido no art. 33 do convenio. E que este convenio os condena a botar catro anos nos niveis de entrada con salarios **mileuristas**.

O mesmo pasa cos **universitarios júnior**: o seu salario bruto anual de entrada (nivel D4) é de 25.719,24 ou 27.862,43 €, dependendo da titulación. Antes deste convenio eran **31.500**.

¿Isto é defender os intereses dos **traballador@s** ou é defender os intereses da **empresa**? ¿Non dixeron CCOO e UGT que con este convenio ninguén gañaba nin perdía? Perdemos os que xa estabamos na empresa e perden (moito máis) os novos ingresos.

A tarefa fundamental das vindeiras negociacións colectivas é facer desaparecer estas desigualdades e que o convenio volva recoller os mesmos dereitos para tódolos traballador@s.

Nota para os compañeir@s de novo ingreso: **Benvid@s**. E lembrade: **a empresa non é a vosa amiga**.

Novos ingresos

* **Prazas operarios-empregados júnior 2019:** ¿Alguén pensou que polo menos o seu ingreso na factoría se desenvolvería con normalidade? Pois se equivocou. Dous aprobados **non ingresarán**.

Un deles non respondeu as chamadas telefónicas, nin correos electrónicos nin incluso un burofax. O outro resultou que non tiña a titulación esixida. A empresa consultou co comité que facer. Acordouse que chamar ós seguintes das respectivas especialidades.

Pero no segundo caso a **CGT** pediu explicacións porque é **relevante** saber que fallou. Esa persoa fixo algo indebido? Navantia deu por boa a súa inscrición incorrectamente? Se foi este caso, que pasou? Foi negligencia ou hai outra causa? A xefa de Persoal deulle voltas ó muíño, pero sen responder.

Consideramos un **escándalo** que, coa especialidade xa ingresada, a empresa nos viñese con que un dos aprobados en realidade non debeu ser **nin admitido** na convocatoria. A **CGT** vai seguir esixindo unha explicación. E non aceptaremos a excusa do fallo humano. Xa llo dixemos con motivo doutros fallos: as persoas podemos equivocarnos, pero **o proceso non pode ter fallos** porque estamos falando do **futuro** de persoas. E se para garantir que non haxa fallos hai que revisar as cousas varias veces, pois haberá que facelo.

Esiximos ademais que a solicitude dos **orixinais** dos títulos académicos se faga **antes** da publicación das listas **provisorias** de **aprobados** no **primeiro** exame. Porque, dada a limitación de 3 por praza no segundo exame, este erro significou que unha persoa **ficou inxustamente sen posibilidade de optar a unha praza**.

Decenas de convocatorias para a Escola de Aprendices facendo todo a man, manexando milleiros de papeis entregados en persoa, e nunca houbo ningún problema. E agora, na Navantia 4.0 e cunha compañía subcontratada, un psicólogo fachendoso, un portal de emprego, medios informáticos, etc., todo son problemas. Increíble pero certo.

* **Prazas operarios-empregados sénior 2019:** O sábado 27 de marzo, e tras un "debate" e "votación" por **whatsapp** (a **CGT** negouse a participar por non consideralo serio), CCOO e MAS declararon revocada a decisión tomada o xoves anterior nunha reunión da parte social da Comisión de Emprego, no senso de esixirle á empresa a revisión previa das listaxes de admitidos e non admitidos antes da súa publicación. Con ese beneplácito dos colaboracionistas, Navantia procedeu a publicar as listaxes o luns 29, coa agravante de que o prazo de reclamacións empezou a correr ese mesmo día e rematou ás 11:59 do Xoves Santo.

Noutras convocatorias houbo esa revisión **previa**. Por que agora non?

Noutras convocatorias, o prazo de reclamacións empezou o día **seguinte** da publicación das listaxes e non se tiveron en conta os días **non laborables**, como é lóxico. Por que agora aceptan que na práctica se recorte o prazo, e en plena Semana Santa?

E que non nos veñan co atraso acumulado, porque eles e a empresa tiveron paralizados os procesos durante **meses**.

* **Prazas universitarias sénior 2019:** A empresa négase a publicar as listaxes de admitidos e non admitidos. É unha **falla de respecto** a tódolos aspirantes, que o menos que se merecen é saber se están dentro ou fóra da convocatoria. Nas prazas universitarias júnior de Fene-Ferrol si se publicaron. En Cartagena se publican. Por que agora non?



"Si te llaman fascista es que estás en el lado bueno de la historia"

RVPO

A asemblea foi antonte, pero anunciouse o venres antes de Semana Santa. Moitos afectados se despistaron e non asistiron.

Houbo unhas cantas intervencións, que expresaron dúbidas sobre diferentes aspectos (que non é normal que os novos ingresos cobren menos, que se presta á arbitrariedade no reparto...); a resposta fundamental do comité foi a de que a RVPO era o mal menor. Tamén saíron outros temas, como que deberían fichar.

A **CGT** explicou que non estamos de acordo coas retribucións variables, que complementos fixos como o CPT deben integrarse en salario base e que rexeitamos que, en caso de baixa por doenza común durante máis de 6 meses, só se cobre o 50% da RVPO.

Horas sindicais de marzo

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais dos delegad@s da **CGT**.

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	22,25	Día 2. Concentración Correos Narón (12:30-13:39)	4,05	26,30
		Día 8. Concentración Correos Narón (12:30-13:39)		
		Día 18. Xuízo novos ingresos (8:45-10:30)		
Xaquín	57,75	Día 2. Concentración Correos Narón (12:30-14:15)	8,25	66,00
		Día 5. Recollida material 10-M (10:00-10:30)		
		Día 8. Concentración Correos Narón (12:30-14:00)		
		Día 12. Concentración Correos Ferrol (9:45-11:00)		
Día 18. Xuízo novos ingresos (8:45-12:00)				
Arturo				
Javi	46,25	Día 2. Concentración Correos Narón (12:30-14:15)	3,25	49,50
		Día 18. Xuízo novos ingresos (8:45-10:15)		
Benito	17,25	Día 2. Concentración Correos Narón (12:30-14:15)	3,50	20,75
		Día 18. Xuízo novos ingresos (8:45-10:30)		
Carmen	8,50	Día 2. Concentración Correos Narón (12:30-14:00)	3,25	11,75
		Día 18. Xuízo novos ingresos (8:45-10:30)		
TOTAL	152,00		22,30	174,30



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:



No grupo de Teams "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**", tes o **detalle** das actividades de cada delegado, indicando en que se gastan as horas sindicais e o listado completo de pases. Tamén podes acceder usando os códigos QR.